

Instrucción: 09 /2013	Data: decembro de 2013
-----------------------	------------------------

Instrucción: Actualización do calendario de vacinación infantil 2014

Orixé: Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública / Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Destino: centros de saúde / hospitais públicos / centros de especialidades / hospitais e centros médicos privados / centros penitenciarios / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade / xerencias do Servizo Galego de Saúde

Inicio: xaneiro 2014

Localización: esta instrucción pode ser consultada na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

<http://dxsp.sergas.es>

(en: áreas de traballo / enfermedades transmisibles / vacinas / vacinación infantil/ calendario oficial actual 2014)



INSTRUCCIÓN SOBRE A ACTUALIZACIÓN DO CALENDARIO DE VACINACIÓN INFANTIL

INTRODUCCIÓN

A prevención de determinadas enfermidades vén condicionada pola existencia e utilización de produtos vacinais de eficacia e efectividade demostrada que contribúen en gran medida á mellora do estado de saúde da poboación. A relevancia dos programas de vacinación exixe que estean suxeitos a unha avaliación continua que permita a incorporación ou a adopción de cambios na procura da súa mellora.

Neste sentido o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde revisou e aprobou o 21 de marzo de 2013 o calendario común de vacinación, de acordo co cal se modificou o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación (DOG, 5 de agosto de 2013). Con posterioridade, a Comisión de Saúde Pública na reunión do 27 de novembro aprobou uns pequenos cambios neste calendario para poder adaptalos á ficha técnica dos produtos vacinais, o que fixo necesario actualizar de novo o calendario galego seguindo as recomendacións técnicas e tras consulta coa Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevisibles (DOG do 23 de decembro de 2013).

Os cambios que se recollen nesta instrucción fan referencia a aspectos relevantes na actualización das pautas de dúas vacinas do calendario de vacinación infantil: a tripla vírica (TV) e a antimeningocócica C (MenC).

Para o resto das vacinas non se fai referencia ao seren produtos xa utilizados de maneira rutineira no calendario de vacinación e que non sofren ningún cambio ou modificación.

De ser necesaria información máis ampla, e para asegurar a boa práctica profesional, esta pode atoparse nas fichas técnicas dos propios produtos.

ACTUALIZACIÓN DO CALENDARIO DE VACINACIÓN INFANTIL

O día 1 de xaneiro de 2014 entrará en vigor a actualización do calendario de vacinación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, coas seguintes modificacións:

- **Vacina tripla vírica (sarampelo, parotidite e rubéola):** adiántase a primeira dose aos 12 meses de idade (ata agora aos 15 meses). Os nenos que en 1 de xaneiro de 2014 teñan entre 12 - 15 meses recibirán a 1^a dose no momento en que acudan á consulta aproveitando calquera achegamento ao sistema sanitario.





- **Vacina fronte ao meningococo C:**

Todos os nenos que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2014 recibirán unha única dose no 1º ano de vida aos 4 meses, unha segunda dose aos 12 meses e unha terceira dose aos 12 anos de idade.

Esquema de vacinación rutineira fronte ao meningococo C

Doses	Idade	Dose primaria ou booster
1ª dose	4 meses	primaria
2ª dose	12 meses	booster
3ª dose	12 anos	booster

- Os nenos que xa foran vacinados cunha dose aos 2 meses deben recibir outra dose aos 4 meses.
- A partir do 1 de xaneiro de 2014 todos os/as nenos/as recibirán unha dose segundo vaian cumplindo 12 anos.
- Os nenos nacidos no ano 2000 e 2001 recibirán unha dose, independentemente das doses recibidas previamente, sempre e cando non a recibirán con 10 ou máis anos, e iranse vacinando entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2016, a medida que vaian acudindo ao sistema sanitario, sen facer unha campaña de captación activa.

Estas recomendacións realizanse tendo en conta as evidencias científicas dispoñibles que fan posible o cambio de pauta vacinal debido á maior duración do título de anticorpos circulantes protectores e á non necesidade de administración de dúas doses no primeiro ano de vida, así como á mellor resposta aos 4 meses comparada cos 2 meses e tamén tendo en conta a situación epidemiolóxica da enfermidade meningocócica serogrupo C.

- **O resto do calendario vacinal permanece sen cambios.**





ConSELLERÍA de Sanidade
Innovación e Xestión
de Saúde Pública

Calendario de vacinación infantil

Xaneiro 2014

0 meses Hepatitis B	2 meses Vacina Hexavalente (DTPa, IPV, Hib, HB)	4 meses Vacina Pentavalente (DTPa, IPV, Hib, HB) Meningococo-C	6 meses Vacina Hexavalente (DTPa, IPV, Hib, HB)	12 meses Triple Virica (Sarampiao, Parotidite, Rubicola) Meningococo-C
18 meses Vacina Pentavalente (DTPa, IPV, Hib)	3 años Triple Virica (Sarampiao, Parotidite, Rubicola)	6 años dTpa	12 años Varicela* <small>* Os susceptíbeis (persoas non vacinadas ou que non pasaron a antíxida natural)</small>	14 años Td (Tétano, Difteria) VPH (Virus do peploma humano)

<http://dxsp.sergas.es> www.xunta.gal / área de trabajo / autoridades transmiedidas / vacinas / vacinación infantil

galicia



Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2013

A directora xeral de Innovación e
Xestión da Saúde Pública



Sonia Martínez Arca

O director de
Asistencia Sanitaria do Servizo
Galego de Saúde



Félix Rubial Bernárdez